

Algúns aspectos históricos sobre a incorporación feminina á educación regulada e a normalización do formato escolar mixto en Galicia

José Ramón Fernández Vázquez
IES de Arzúa

RESUMO: Neste estudo abórdanse algúns aspectos que no marco referencial de Galicia conformaron o proceso histórico que habería de desembocar na plena incorporación da muller galega ás estruturas da educación formalizada mediante a progresiva facilitación do acceso feminino á institución escolar. Analizamos igualmente o proceso de adopción no territorio galego -iniciado xa ben avanzado o século XIX- do formato escolar de tipo mixto entendido como un modelo educativo que respostaba -aínda que tal resposta se revelou unicamente aparente- ás intensas demandas sociais dun tratamento igualitario para ámbolos sexos dentro do ámbito educativo.

ABSTRACT: This study deals with some aspects which gave rise to the historical process resulting in the full incorporation of the Galician woman in formal education by means of gradual access to schools. We also analyze the process of adoption -begun well into the 19th century- of a co-educational school format in Galicia presented as an educational model which answered-although, as was later seen, only superficially- the intense social demand for equality of the sexes within the educational framework.

Introducción

Historicamente e ata periodos relativamente achegados a muller foi obxecto na maior parte dos contextos europeos de exclusión con respecto ás estruturas educativas do mesmo xeito que, como consecuencia dos postulados androcéntricos socialmente vixentes, foi tamén “*expulsada*” de tantos outros ámbitos públicos e o seu eido de desenvolvemento quedou limitado ó contexto dos espazos privados.

A exclusión educativa á que nos referimos adoptou diferentes formas que evolucionaron dia-cronicamente. Inicialmente pasouse dende unha total exclusión feminina con respecto ás posibilidades de acceso ós sistemas educativos regulados ata unha articulación de ditos sistemas en torno a dous modelos de concreción escolar -xa se permitía a incorporación da muller á institución escolar aínda que baixo o imperio da segregación de sexos - claramente diferenciados tanto nos seus obxectivos como nos postulados curriculares que para a súa consecución se utilizaron. Posteriormente haberíase de evolucionar dende esa proposta de escola segregada en base ó xénero ata a adopción e universalización dun único modelo escolar que enfatizaba na preservación das formas igualitarias -a educación de homes e mulleres como unha construción indeferenciada- aínda que a niveis non explícitos se seguira producindo unha clara discriminación da que a muller seguía a constituí-lo segmento máis perxudicado: tiña nacido a actual

escola mixta. Para o futuro queda un vreiro aínda en boa parte non percorrido que deberá permitir unha acción educativa que se poida catalogar verdadeiramente como “coeducación” e que atenda tanto á non discriminación sexista -implícita e explícita- como ó desenvolvemento profundo do significado diferencial de “ser home” e de “ser muller” como realidades con diversidade específica que cómpre respectar e mesmo potenciar.

Deterémonos brevemente ó longo deste artigo na descripción dalgunhas pautas que vertebraron o proceso histórico anterior nun marco de referencia específico e dotado de características estruturais particulares: o contexto galego. A situación de Galicia e as súas especificidades haberían de outorgarlle unha cor propia á globalidade do proceso histórico que supón o avance cara unha escola que sexa realmente coeducadora.

Encetaremos pois a nosa aproximación reflectindo o longo proceso que levou á muller galega dende a súa exclusión inicial ata a incorporación plena ó sistema educativo formalizado. Posteriormente debullarémolo proceso -moito máis discontinuo na súa evolución- que rematou por convertirlas escolas segregadas en función do xénero en centros escolares mixtos e que permitiu a implantación xeralizada deste formato como proposta que, alomenos formalmente, respondeu ás presións que canalizaron a acción educativa hacia parámetros acordados cos grandes principios axiolóxicos que na actualidade rixen o desenvolvemento das nosas sociedades democráticas nas que non pode atopar cabida discriminación algunha baseada en xénero, raza ou pensamento.

O acceso da muller galega á educación formalizada

No contexto do discurrir histórico de Galicia, ó igual que ocurría noutros referentes máis amplos -en Europa ou no Estado Español- tamén se constata a existencia do fenómeno que Blanco (1997) denomina “*contradiscurso feminino*”, caracterizado por diversas manifestacións -que brotan de xeito reiterado ó longo do tempo histórico- establecendo unha relación heterodoxa cos principios patriarcais socialmente vixentes. Este contradiscurso concrétese en reaccións contra a exclusión feminina propia do androcentrismo, atopando proxección tamén no ámbito educativo¹.

Nese sentido, aínda ubicado cronoloxicamente dentro dos parámetros do debate sobre as excelencias dos sexos e en consoancia co novo enfoque xurdido do reformismo ilustrado hacia a relación entre muller e educación, é factible salienta-la obra do bispo de Mondoñedo Fr. Antonio de Guevara “*Relej de príncipes*” (1529), libro no que o autor se laia da ausencia de educación para a muller -mesmo para aquelas de extracción social máis elevada- sinalando o altísimo índice de analfabetismo existente entre elas ó mesmo tempo que aconsella ás damas e señoras que non deixen de ensinar ás súas fillas todo o posible “porque si ellos y ellas aprendiesen a la par yo creo que habría tantas mujeres sabias como hay hombres necios”². En calquera caso ata a chegada moi atenuada da onda expansiva da Ilustración -Galicia non consti-

¹ Exemplos da antigüidade deste contradiscurso en Galicia aparecen nalgúns dos elementos conformadores do corpo doutrinal priscilianista ou no mesmo papel protagonista e decidor que a muller representa nas Cantigas de Amigo medievais.

² As ideas prefeministas centradas no debate sobre as excelencias dos sexos atoparon eco na maioría dos territorios europeos. En Portugal -tan próximo física e culturalmente a Galicia- tal debate atópase presente na obra *Tratado sobre a igualdade dos sexos ou elogio do merecemento das mulleres adicado ás ilustres señoras de Portugal* asinada “Por un amigo da Razao” e que foi publicada en Lisboa en 1740.

tuía obviamente, por mor das súas características estruturais, un marco ideal para o enraizamento do pensamento ilustrado- o País permaneceu dentro de coordenadas topicamente ortodoxas ó respecto das relacións entre xénero e educación, caracterizadas inicialmente pola enorme dificultade do acceso feminino ó ensino regulado e pola ausencia de escolarización conxunta en base a razóns de tipo especialmente relixioso e moral.

Xa no século XIX a realidade da escolarización feminina galega no periodo comprendido entre 1812 e 1868 aparece definida como un fenómeno notablemente máis problemático que na maioría das periferias do Estado Español, debido ós moitos condicionantes de toda caste -nomeadamente os de tipo social e económico que configuraron unha escenificación especialmente subsidiaria de tódolos debates educativos plantexados no ámbito estatal (Barreiro Fernández, 1991a, p. 22)- enmarcadores do papel da muller na sociedade do momento e que permiten concluír que ó longo dese periodo a situación non foi precisamente proclive en Galicia para a escolarización feminina. Costa Rico (1989, p. 87) afirma, a título de exemplo, que hacia o ano 1845 “a presenza do alumnado masculino era moi superior a calquera tipo de participación do alumnado feminino que non sobrepasa realmente o 13 % no conxunto das escolas en toda Galicia”.

Superada xa a metade do século XIX as circunstancias definidoras da escolarización da muller mantivéronse estabilizadas con respecto ás primeiras décadas do século e os indicadores de educación feminina seguiron a amosar notable inferioridade con respecto a España. Así De Gabriel (1984) pon de relevo que por volta do ano 1860, a situación en Galicia continuaba a ser significativamente máis negativa no que atinxe ós parámetros da educación feminina que no resto do España. Basta con tomar, dun xeito meramente indicativo e referencial, os indicadores de alfabetización para atopar que tan só un 3,86 % da poboación feminina galega estaba en condicións de ler e escribir mentres que a nivel estatal esta porcentaxe era do 9,05 %. Ademais o colectivo das mulleres galegas amosaba unha sinalada tendencia ó “*semianalfabetismo*”: unha porcentaxe significativa das mulleres galegas de 1860 saben ler pero non escriben.

Como causas xerais explicativas da situación cítanse a dispersión da poboación que obriga tanto ó alumnado masculino como ó feminino a percorrer longas distancias favorecendo así a escolarización selectiva dos varóns, o traballo infantil no ámbito familiar do que parece que se adoitaba liberar con máis facilidade ós fillos que ás fillas (Borrás, 1999, pp. 584-585) e a necesidade de preparar para unha futura emigración ós fillos varóns (De Gabriel, 1984, pp. 437-448). Froito destas limitacións e dos condicionamentos socioeconómicos específicos do país galego, con frecuencia foron aplicados no seu territorio particulares e curiosos formatos instructivos dos que a denominada “escola de ferrado” constitúe un bo exemplo³ (Costa Rico, 1989, p. 91).

Outro indicador da situación deficitaria no que atinxe á escolarización feminina en Galicia a mediados do século XIX ven dado pola escasísima implantación das escolas de mulleres

³ Formato de instrución, de iniciativa privada e implantación en amplas zonas rurais, articulado en base a un traballo docente retribuído unicamente en especies agrarias (millo, centeo, patacas, ovos...). Xeralmente a carencia de medios de tales “escolas” era enorme, como igualmente minguado adoitaba se-lo nivel de coñecementos e a preparación “pedagóxica” da persoa encargada da instrución do alumnado (Véxase De Gabriel, 1988).

adultas en territorio galego. Os datos ó respecto destacan a existencia inicial dun número escaso de centros: unha escola na cidade de Ourense e outras dúas na cidade de Pontevedra. Os tres centros eran de titularidade pública e o número de alumnado asistente ós mesmos era realmente exíguo en comparación co resto do Estado Español.

A construción dos alicerces que haberían de fundamentar unha progresiva apertura á muller galega da escolarización ó longo do século XIX atópase en íntima relación coa apertura do debate sobre a cuestión feminina e coa recepción en Galicia do ecoar do movemento feminista. No contexto galego Barreiro Fernández (1991b) ubica cronoloxicamente o debate feminista inicial entre os anos 1846 e 1868, xusto no intre no que tamén se producía no mesmo referente a toma de conciencia sobre outros aspectos de grande calado na configuración sociocultural do País: a crise do capitalismo, a particular estrutura agraria galega, o Provincialismo como movemento político emerxente, a emigración como vía normalizada de subsistencia, etc.

En relación coa aínda incipiente conformación dun sentido diferencial galego -xermolo dun futuro sentimento nacionalista co seu correspondente cauce político- é perfectamente constatable a existencia de certos posicionamentos de carácter feminista, nos que están presentes rasgos fourieristas, mesturados difusamente cos postulados ideolóxicos do provincialismo que constitúe a primeira fase -anos corenta do século XIX- na configuración do galeguismo pre-nacionalista. De tódolos xeitos este emancipacionismo provincialista -que tamén aparece elaborado literariamente na obra de Rosalía de Castro- revélase considerablemente ambiguo e non supuxo o desenvolvemento de actuacións concretas ó respecto da cuestión feminina. Exemplos como o do xornal de inspiración provincialista "*El Iris del Bello Sexo*" poden resultar clarificadores ó respecto⁴. Mesmo o galeguismo rexionalista dos últimos anos do XIX e dos primeiros anos do XX habería de loitar pola igualdade xurídica de homes e mulleres sen previamente realizar crítica algunha dos postulados tradicionais sobre a función social da muller, que en Galicia se construía frecuentemente en base ó símbolo da nai-forte (Barrio e Santos, 1988, p. 205). Eivas similares son manifestamente constatables no caso doutros nacionalismos da periferia española (Nash, 1991, pp. 615-616).

O estourido revolucionario de 1868 en España significou a aparición dun lene movemento orientado hacia a promoción da muller en xeral e para a súa significación como suxeito educativo en particular⁵. Esta saliencia educativa da muller posterior a 1868 asentábase na necesidade de frea-las directrices que ó respecto trazaba a Igrexa, estrutura fáctica particularmente arraigada na ruralizada sociedade galega. Tal como sostén Suárez Pazos (1990, p. 308) "dentro del sexenio 1868-1874 el interés por la educación de la mujer se centraba en alejarla de la influencia del clero de tan fuerte incidencia en Galicia".

É necesario sinala-la existencia, na Galicia de finais do XIX, de certa aportación laica de promoción privada á escolarización feminina aínda que tal aportación non acadou en termos cuantitativos grande relevancia. A este respecto cabe citar como acción pioneira na integra-

⁴ Nesta publicación escribían homes utilizando pseudónimo feminino e os seus artigos adoeceron dun marcado pouso reaccionario ó respecto da feminidade.

⁵ Na práctica a muller galega xa viña participado, a veces indo moito máis alá dun mero apoio reivindicativo, en iniciativas puntuais de indubidable conflictividade social, tales como a loita contra o pago de trabucos, contra o sistema de quintas ou contra a manipulación electoral (Véxase Suárez Pazos, 1990, p. 309).

ción feminina no ámbito do ensino laico privado a levada a cabo no colexio “*Miser y Viriato*” de Vigo no ano 1892 que sería posteriormente continuada xa entrado o século XX á sombra fértil do mecenado con raíz no movemento asociativo basicamente orixinado no seo da emigración galega en América e do que un exemplo sobranceiro foron as denominadas “*Sociedades de Instrucción*”.

Cómpre igualmente destaca-la progresiva adquisición de peso específico en Galicia do Krausismo, iniciado no seo da universidade galega, para incorporarse posteriormente de xeito gradual á xeralidade do tecido educativo galego convertíndose nun dos axentes significados na dinamización socioeducativa da rexión e integrando nesta dinamización as liñas de acceso feminino á educación que se estaban xa a promocionar noutros lugares do Estado.

No que atinxe ó acceso da muller á profesionalización docente cómpre sinalar que as Escolas Normais Femininas chegaron a Galicia unicamente despois de 1860 e, tal como sinala Porto (1994), nos momentos iniciais a matrícula foi considerablemente inferior á existente nas Escolas Normais de mestres. Os programas de estudo para as futuras mestras incluían unha notable diferenciación curricular baseada no xénero que se concretaba na necesidade de que estas acadasen coñecementos de hixiene e debuxo para costura que non se esixían ós varóns.

Unha iniciativa de grande repercusión na práctica pedagóxica, polo que significou para o acceso do alumnado feminino menos favorecido a posicionamentos educativos formalmente innovadores, foi a implantación en Galicia das colonias escolares que foron desenvolvidas seguindo a proposta do “*Museo Pedagógico Nacional*”⁶. Aínda que a primeira colonia realizada en Galicia -organizada en 1893 para escolares de Santiago de Compostela- destinouse unicamente ós alumnos varóns (ata un total de trinta e dous inscritos nas escolas públicas de Santiago ou nas escolas sostidas pola Sociedade Económica de Santiago), moi pronto, coa chegada do século XX, se haberían de converter nun instrumento educativo equiparador en termos de xénero e aberto tamén ó alumnado feminino (Porto, 1986, pp. 197-210).

En termos de posibilidades o certo é que fóra dos centros escolares as cousas tampouco eran fáciles nesta época para a muller galega no que atinxe ó seu acceso á formación. Tal como afirma Suárez Pazos (1990, p. 315) en Galicia

la única formación, fuera del ámbito escolar y de los preceptores particulares, que encontraba la mujer gallega se la ofrecía la Sociedad Económica de Amigos del País con sus cátedras de dibujo y francés. Y para ello sólo se beneficiaban de esta institución algunas mujeres que habitaban en la ciudad de Santiago. El resto no tenía más que tres posibilidades: carecer de todo tipo de instrucción y escolarización, asistir regularmente a las escuelas primarias -donde poco más aprendían que coser y rezar- o, por último, instruirse privadamente con una cultura superficial y de adorno.

Algunhas accións específicas trataron de mellora-la precaria situación educativa da muller galega. Unha destas accións articulouse mediante a creación das denominadas “*Escolas de*

⁶ A tradición das colonias escolares tiña nacido da man do pastor suízo Walter Bion en 1876. O modelo implantouse pouco a pouco en case toda Europa. En España foron promocionadas polo primeiro director do “Museo Pedagógico Nacional” -creado en 1882-, D. Manuel B. Cossío, personalidade relevante e significativa no seo da ILE. A iniciativa adoptouse en firme xa no ano 1887.

Fundación”, orientadas á instrucción de alumnas nadas no seo dos estamentos máis baixos da sociedade galega, a pesar de que en tales centros atopábanse grandes limitacións estruturais e carencias aínda maiores que as existentes nas escolas de tipo estatal. Outras iniciativas de certa relevancia foron, no contexto galego, as dirixidas á creación de centros específicos para a escolarización de mulleres adultas: as *Escolas de adultas* e as *Escolas dominicais*. En todo caso a carencia de recursos e o desinterese xeral impediron que este tipo de centros se consolidara e que acadara unha difusión ampla.

No eido dos eventos concretos que significaron avances indirectos en relación á pedagogía da igualdade de oportunidades educativas entre ámbolos sexos merece ser nomeado o *Congreso Regional de Pontevedra*⁷ celebrado en 1887 no que o profesorado galego tivo ocasión de tomar contacto coa Institución Libre de Enseñanza. Nalgunha das xornadas deste congreso abordouse o tema da educación feminina aínda que este tratamento desenvolveuse dun xeito notablemente ortodoxo en relación ós principios tradicionais que asignaban exclusivamente á muller o papel de nai, esposa e administradora do fogar (Porto, 1986, p. 165)⁸.

Cómpre de igual modo sinala-la relevancia da prensa finisecular galega en relación ó acceso feminino ó ensino. En concreto Alvaredo (1993) atribúelle a este axente unha notable función divulgadora, durante os últimos lustros do século XIX, ó respecto da necesidade de promocionar educativamente á muller en Galicia⁹.

En calquera caso boa parte das limitacións estruturais que determinaban a relación entre muller galega e educación en Galicia trataron de ser subsanadas co propio capital económico orixinado no alén mar polas remesas de emigrantes mercede ás iniciativas -tinguidas a miúdo de carácter filantrópico- que xurdiron de persoas emigradas en situación económica de importante fortuna. En efecto, xa superada a primeira década do século XX, comezou a ser relativamente frecuente en Galicia a aparición de escolas “americanas”. Habida conta de que estas escolas tiñan sido creadas primordialmente para que a poboación escolar das diferentes bisbarras acadara unha formación básica que lle permitira afronta-la emigración cun mínimo de condicións, a escolarización de rapaces superaba claramente á das nenas toda vez que o groso do continxente emigrante era masculino. En todo caso os nenos e as nenas estaban nestes centros separados en aulas diferentes e recibían formación tamén distinta (Valín, 1990, p. 345).

A presenza en Galicia do movemento feminista -que debería actuar como catalizador da educación da muller e como instrumento de instauración normalizada do ensino mixto- a principios do século XX semella ser -a pesar do pequeno debate que existe ó respecto- considerablemente feble e a polémica feminista revélase dominada no contexto galego polas ideas do catolicismo. De feito o catolicismo antifeminista promoveu a publicación de numerosas obras destinadas a contrarresta-lo avance da doutrina feminista tal e como se desenvolvía en Europa

⁷ Naceu na liña de popularización destes eventos que seguiu ó Congreso de 1882. Congresos similares celebráronse en diferentes capitais de provincia españolas de forma sucesiva ata o remate do século XIX.

⁸ O título do tema foi “Educación de la mujer en armonía con el triple aspecto de hija, esposa y madre”. Nunha disertación a cargo de D. Manuel Martínez -da escola Froebel de Pontevedra- demostrouse en base a datos estatísticos que a educación que se daba á muller era deficiente e que existía unha enorme desigualdade entre o número de mulleres escolarizadas e o número de homes.

⁹ Un exemplo: no *Diario de Lugo* abordábase a publicación en 1881 dunha serie de artigos sobre a situación da “instrucción doméstica para señoritas” en diversos países europeos.

nesa época e ó mesmo tempo é doado percibir algunhas pegadas da tradición católica na obra de figuras significadas do feminismo galego como Pardo Bazán, Juana de Vega, María Barbeito, Sarah Escarpio, Sofía Casanova ou Luz Morales (Blanco, 1997, p. 62).

Esta escasa presenza da polémica feminista¹⁰ proxéctase tamén sobre a prensa e as publicacións periódicas do momento en Galicia. Nelas segue dominando a imaxe tradicional da muller, e a sumisión ós dictados patriarcais sendo a reivindicación igualitaria relativamente infrecuente. Así a prensa destinada especificamente á muller podería ser caracterizada de “feminina” pero nunca de “feminista”. Nos xornais galegos dirimíronse secuencias dun debate en torno a dous posicionamentos básicos: a muller como “*anxo do lar*”, papel no que a educación carece de especial relevancia, ou a muller como posuidora de atribucións no ámbito público polo que a súa instrución e emancipación serían estritamente necesarias.

En calquera caso durante o primeiro tercio do século XX a prensa revelou-se como un instrumento punteiro na difusión e propaganda das correntes de pensamento dimanadas dos núcleos de poder con implantación galega. En efecto tanto a Igrexa como as distintas forzas políticas socialmente insertadas no País tratarán de facerse cun incremento da súa influencia en base ós medios escritos cos que contan ó seu servizo. Neses medios aparecerán, loxicamente, orientacións sobre o papel feminino na sociedade e sobre a cuestión da educación igualitaria dos sexos. Xurdiron así no ámbito galego, por unha parte, algunhas publicacións de tipo xornalístico que presentaban modelos de educación laica abertos á muller na mesma liña do progresismo decimonónico. Nas súas antípodas figuraron publicacións xornalísticas que desenvolvían postulados asimilados ós vellos posicionamentos conservadores. Entre os primeiros Cid (1993, p. 61) destaca *La Libertad*, de Pontevedra -aínda que nel colaboran moitísimas firmas non galegas- e *El Pueblo Gallego* de Vigo. Entre os segundos os exemplos máis sobranceiros foron *Galicia*, *Heraldo de Galicia* e *La Región* de Ourense. Nestas últimas publicacións aparecería, de xeito invariable, a visión que da muller e da súa educación interesaba á Igrexa Católica.

A pesar de tódalas eivas e dificultades a situación da muller galega nas décadas anteriores á Guerra Civil tiña comezado unha traxectoria clara hacia a súa equiparación co varón no eido instructivo. Así Costa Rico (1989) insiste en que, de calquera xeito, os índices de analfabetismo feminino -cun indubidable valor sintomático ó respecto- implican a existencia dun claro proceso de aproximación gradual ás porcentaxes referentes ó analfabetismo masculino durante todo o primeiro tercio do século XX: os índices porcentuais descenden entre 1900 e 1930 para ámbolos sexos pero este descenso é máis intenso entre as mulleres (pasa do 81,35 % ó 52,60 %) que entre os varóns (dende o 55,80 % ata o 36,57 %).

¹⁰ As organizacións feministas eran moi escasas en toda Galicia. A pesar de todo existiron algúns núcleos subalternos con respecto a organizacións de ámbito estatal ou internacional: na Coruña creáronse sucursais da *Liga Internacional de Mujeres Ibéricas e Hispanoamericanas* e da *Cruzada de Mujeres Españolas*. Tamén a esquerda republicana e socialista creou as súas propias organizacións femininas en boa parte para contrarrestalo forte proselitismo da dereita; naceron así na Coruña a *Agrupación Republicana Femenina* e a *Juventud Republicana*, en Vigo a *Agrupación Femenina del Partido Radical*, en Ferrol o *Patronato Femenino*, o *Grupo Socialista Femenino* e as *Juventudes Femeninas Socialistas* e en Pontevedra a *Agrupación Femenina del Partido Republicano Radical Socialista*.

A proclamación da II República provocou en Galicia a cristalización dun debate -homologable ó desenvolvido de xeito global no Estado Español- centrado especialmente en torno a tres pólos antitéticos: *escola confesional - escola laica, escola pública - escola privada e escola neutra - escola de clase*. Esta controversia viuse mesturada en Galicia co ecoar dun factor específico de natureza política, froito da puxanza crecente do nacionalismo galego nese período e relacionado coa necesidade dun modelo propio de escola axeitado ás especificidades do territorio e ás particularidades culturais do País (Cid, 1994, p. 181). Estes particularismos afectaron ó tratamento dado á cuestión feminina no eido da educación. O galeguismo liberal, herdeiro do vello movemento rexionalista, participaría tamén na loita pola promoción educativa feminina no escenario galego aínda que en modo algún constituiría unha forza decisiva ó respecto. A postura ideolóxica do galeguismo anterior á Guerra Civil con respecto á cuestión feminista é ambigua. No galeguismo conviviron posicionamentos xerais claramente favorables á equiparación formal da muller e do home -por exemplo mediante a promoción do sufraxio feminino nos debates parlamentarios- con posturas de evitación de pronunciamento público ó respecto¹¹. En todo caso a participación feminina no desenvolvemento político galeguista nos anos anteriores á Guerra Civil semella considerablemente reducida. Neste mesmo ámbito atopamos claros síntomas da escasa equiparación da muller dentro do nacionalismo galego tanto no escasísimo número de entidades femininas creadas dentro do galeguismo republicano como na reducida cantidade de colaboracións referidas á problemática feminina galega no órgano do galeguismo *A Nosa Terra* (Blanco, 1997, pp. 64-65).

Próximo ó referente nacionalista salienta a figura de Xoán Vicente Viqueira (1886-1924) -para Porto (1986, pp. 319-328) constitúe un elo entre o galeguismo e as posicións da Institución Libre de Enseñanza- como defensor da educación feminina no marco do que el tiña denominado *nova educación galega*. Viqueira matinou a conveniencia de abrir en Galicia escolas secundarias e superiores femininas tomando como modelo a *Residencia de Señoritas* e o *Instituto para la Educación de la Mujer* que tiñan sido implantados en Madrid e noutras cidades (Véxase Costa Rico, 1996, p. 83).

É constatable de tódolos xeitos a existencia dun tenue pero pertinaz incremento, ó longo destes anos, no interese pola educación feminina no ámbito galego a pesar de que o mesmo se vería freado durante o bienio de goberno da CEDA. Este interese sostido queda reflectido por exemplo no feito de que se mantivera relativamente estabilizada a produción editorial galega especificamente destinada á educación da muller (Costa Rico, 1989).

Outro indicador -que habería de perpetuarse de xeito máis ou menos continuado no tempo- da preocupación pola educación da muller reflíctese no feito de que se plantexara con moita frecuencia a necesidade de abordar-la temática da educación feminina nos diversos congresos que, sobre temas de desenvolvemento pedagóxico, se levaron a cabo en Galicia antes da Guerra Civil. A tradición congresual, que enlaza coas actividades desenvolvidas no último cuarto do século XIX, abordou a miúdo o tema aínda que, tal como indica Costa Rico

¹¹ As personalidades galeguistas -Vilar Ponte, Otero Pedrayo, Castelao- apoiaron o sufraxio feminino nas cortes. Outros significados dirixentes políticos galegos non integrados no galeguismo tomaron no debate sobre o sufraxio un posicionamento contrario á promoción da igualdade de dereitos entre os sexos. Este é o caso do médico Novoa Santos, autor de dúas obras nas que amosaba os seus posicionamentos ó respecto da cuestión (*La indigencia espiritual del sexo femenino. Las pruebas anatómicas y fisiológicas de la pobreza mental de la mujer. Su explicación biológica*(1908) e *La mujer, nuestro sexto sentido y otros ensayos* (1929).

(1989, pp. 242-257), estas aproximacións se fixeran habitualmente dende unha óptica ubicada en posicionamentos tradicionais. Cabe destaca-la importancia concedida a este aspecto no *Certame e Congreso Pedagóxico* celebrado en Lugo en outubro de 1923, evento no que esta cuestión se constituiu nun dos catro núcleos temáticos sobre os que se centrou o debate pedagóxico que se desenvolveu no mesmo¹².

As colonias escolares seguiron a constituir ata a Guerra Civil un instrumento optimizador para o acceso feminino ás estruturas da ensinanza regulada en Galicia. Estas actividades fóronse convertindo -sobre todo nos anos trinta- en instrumentos normalizadores para unha educación máis integral, dentro da liña ortodoxa da ILE, tratando de achegar temporalmente ó alumnado de ámbolos sexos realidades naturais e humanas, lúdicas, descoñecidas e saudables (sobre todo o mar e a montaña). O uso das colonias foi fomentado nesta época especialmente entre os centros escolares da cidade de Vigo aínda que tamén se desenvolveran experiencias importantes deste tipo a cargo de centros de Ferrol, de Pontevedra ou de Lugo.

O enraizamento do movemento feminista significou na Galicia do momento un catalizador para a equiparación da muller en xeral e para a súa promoción educativa en particular. Marco (1993, pp. 87-101) atribúe o maior protagonismo na activación da polémica feminista proxectada no ámbito educativo galego durante os anos trinta a dúas figuras: María Vinyals e María Barbeito. Outras fontes salientan tamén a obra de figuras como a catedrática de pedagogía na Escola Normal de Pontevedra Ernestina Otero.

María Vinyals¹³ abordou a miúdo en diferentes escritos a relevancia da educación da muller como instrumento de rexeneración social habida conta do papel que se lle asignaba na educación dos fillos e fillas. A partir deste posicionamento funcional loitou teimudamente pola promoción da educación feminina; así por exemplo na conferencia *El feminismo y la galantería* (1916), defendeu a igualdade de educación e de dereitos entre muller e varón.

Pola súa parte María Barbeito¹⁴, na mesma liña de pensamento que tiña promovido a Institución Libre de Enseñanza, abogou en diversos escritos e conferencias pola educación mixta e pola igualdade entre sexos, no que atinxía á igualdade de oportunidades e á educación recibida. As actividades realizadas por María Barbeito nestes eidos foron moi numerosas.

¹² Anos antes do remate do século XIX xa Montero Ríos tiña disertado no congreso celebrado en Pontevedra (1887) sobre a educación diferencial segundo os sexos. En 1894, tamén en Pontevedra, analizouse o tema do traballo manual na muller. No ano 1899 debatéronse os problemas da asistencia ás escolas mixtas.

¹³ Naceu en Soutomaior en 1875 -aínda que boa parte da súa vida transcorreu en Madrid e na illa de Cuba- no seo dunha familia aristocrática o que non lle impediu militar no Partido Socialista. Foi muller de grande cultura e de significadas inxerencias sociais.

¹⁴ María Barbeito y Cerviño (1880 - 1970) iniciou o seu labor profesional no ano 1901. En 1911 foi nomeada directora da Escola Pública Graduada de Párvulos de A Coruña, cargo que ocuparía ata o seu pase á Inspección no ano 1931. Sería destituída ó estoura-la Guerra Civil. As súas aportacións á innovación educativa ubicáronse na liña das correntes pedagóxicas próximas ó activismo, prestando grande atención ás prácticas propostas polos movementos renovadores de principio de século: visitas escolares, método de proxectos, elaboración de xornal, museo escolar itinerante, teatro, aproximación á realidade natural circundante, etc. A Historia da Educación recoñece en María Barbeito a un dos grandes prestixios no eido da innovación educativa nos anos anteriores á Guerra Civil así como unha das máis significadas promotoras da educación feminina. Neste último eido foi autora de *La mujer antes, ahora y después* obra publicada en 1934.

Tanto María Vinyals como María Barbeito ou como tantas outras figuras referenciais similares atopáronse a miúdo coa intolerancia e os posicionamentos dogmáticos de sectores reaccionarios que non dubidaron en artellar diferentes campañas de prensa contra os seus posicionamentos ou mesmo contra as súas persoas (Marco, 1993, pp. 90-91).

Nos anos da posguerra a situación en Galicia en relación ó tema que nos ocupa non se diferenciou substancialmente dos parámetros vixentes en todo o Estado. Tal situación viuse, se cabe, agravada polos particularismos económicos, sociais e culturais do contorno galego. Tan só algunhas figuras concretas constituíron unha fráxil ponte que permitiu puntualmente enlazar con certos aspectos avanzados para a integración educativa da muller que tiñan sido desenvolvidos con anterioridade á Guerra Civil (véxase Barreiro Rodríguez, 1990). A mesma tónica prolongaríase posteriormente durante os anos centrais do século XX e unicamente se iniciaría certo cambio a partir do *desarrollismo* dos anos sesenta, periodo no que ademais confluiron tamén algunhas influencias de orixe foránea entre as que o pensamento feminista posuía entidade específica.

Cómpre ademais poñer de manifesto que o feminismo de segunda onda, chamado a activo-lo progreso no ámbito das relacións entre xénero e educación, chegou a Galicia retardado con respecto ós centros estatais do mesmo e revélase, simultaneamente, como moi dependente dos particularismos da vertebración política galega (Blanco, 1997, p. 142).

No achegamento do actual presente histórico teñen sido frecuentemente iniciadas diversas investigacións centradas no estudo da realidade feminina e das relacións entre os xéneros en relación a distintos referentes galegos entre os que se inclúe o eido académico e pedagóxico. Son moitos os centros de documentación e difusión feminista que teñen colaborado na creación e activación de estudos, experiencias ou premios que ás veces inciden sobre o eido específico da integración feminina no ámbito educativo.

O proceso de avance hacia a escolarización mixta no marco galego

Historicamente en Galicia a escola mixta constituiu un formato educativo de limitada implantación, situación que se habería de manter estabilizada ata o remate do século XIX e o primeiro tercio do XX. A explicación última desta persistencia pode ser en parte atribuída, segundo a opinión de Alvaredo (1993), á existencia dun grande medo colectivo ante a posibilidade de ruptura da estrutura social básica -a familia- e á conseguinte desestructuración no que atinxe á ordenación da sociedade.

En xeral a controversia sobre a conveniencia da escolarización conxunta -física e curricular- de ámbolos sexos comeza a plantexarse en Galicia a grande escala -ó igual que no resto do Estado Español- nos anos centrais do século XIX para, coa entrada no XX, difundirse en intensidade e extensión ó mesmo tempo que se producía unha significativa polarización de posicións ó respecto e chegar posteriormente á implantación institucional -aínda que unicamente en periodos intermitentes- durante os intervalos de goberno progresista na II República española.

No debate sobre a normalización da escolarización mixta de ámbolos sexos, desenvolvidos en Galicia durante o último tercio do século XIX, tivo tamén un papel preponderante a prensa como axente de promoción e instrumento orientador do mesmo. Os xornais consti-

tuíron -ó igual que ocorrería posteriormente no devir do século XX- unha ferramenta claramente instrumentalizada polos poderes fácticos coa finalidade de acadar unha implantación social relevante das súas estruturas ideolóxicas que, á súa vez, puideran ser convertidas nun incremento das respectivas parcelas de poder. A cuestión do ensino mixto e da equiparación curricular entre ámbolos sexos foi a miúdo publicitada pola prensa máis progresista e denostada en igual medida dende a prensa afín ó clero e ós sectores sociais reaccionarios en xeral. Así a prensa liberal galega recollía frecuentemente -e a miúdo de xeito significativamente receptivo- noticias e comentarios encol dos efectos positivos do sistema de escola mixta en certos contextos escolares¹⁵ (Alvarado, 1993, p. 73).

Outro axente chamado a posuír unha grande relevancia en relación coa implantación normalizada da coeducación -entendida nos seus aspectos meramente formais- na Galicia do último tercio do século XIX quedou confirmado polos centros escolares creados con financiación orixinada nas élites económicas da emigración galega no alén mar. En principio o feito de que a súa dotación non proviñera do Estado e que respostaran a iniciativas eminentemente filantrópicas semella suxerir que podería existir nestes centros unha grande posibilidade de implantación de liñas pedagóxicas equiparadoras entre muller e home. Sen embargo a creación en Galicia dos numerosos centros escolares “americanos” ou “Sociedades de Instrucción” dotadas por individuos emigrantes enriquecidos ou por sociedades de emigrantes que aglutinaban á poboación emigrada residente no alén mar segundo os distintos concellos ou bisbarras de orixe¹⁶ non supuxo o desenvolvemento -por outra parte tampouco pretendido na promoción destas escolas- de estratexias para a escolarización mixta de sexos. En efecto estas escolas, creadas na súa grande maioría por patronatos de emigrantes, posuían unha finalidade moi específica -a preparación da poboación para unha futura e máis que probable emigración a América- que freaba a coexistencia física de ámbolos sexos na mesma aula e a recepción dunha formación igual ou equiparable para todo o alumando. A este respecto Peña (1984, p. 409) especifica que tales centros mantiveron a separación de sexos mediante o uso de aulas fisicamente separadas aínda que habitualmente integradas no mesmo edificio¹⁷. Pola súa parte Valín (1990) destaca a existencia dunha única escola -entre tódalas que respostaban a esta categoría- na que se aplicaba un réxime de escola mixta de sexos aínda que con certas limitacións: trátase da escola creada pola “Sociedad de Instrucción y Recreo de la Juventud de Cecebre”

¹⁵ A título de exemplo no ano 1884 *La Voz de Galicia* (23 de abril) informaba de que escolas había nas que se producía a asistencia mixta de nenos e nenas sen que iso orixinara ningún problema: “La tercera parte del número de escuelas la constituyen las de ambos sexos, o sea que asisten niños y niñas, sin que se haya producido una sola queja contra la asistencia mixta de niños y niñas en 7.151 escuelas, demostración concluyente de que no hay en ello riesgo alguno”.

¹⁶ Estes centros escolares aparecían en xeral excelentemente dotados no que respecta ás construcións e servizos de apoio necesarios para a súa función, permitindo ademais, en moitos casos, a polivalencia na utilización dos mesmos e a súa apertura á comunidade na que estaban ubicados (Véxase Peña, 1984, pp. 405-420).

¹⁷ Por exemplo, a escola que promoveu a *Unión Hispano-Americana pro Valle Miñor* -creada inicialmente en 1905 só para nenos- ampliaría posteriormente as súas instalacións para destinar un edificio ás nenas. A primeira directora desta escola feminina sería Julia Solá. A clásica división de actividades en función do xénero estaba obviamente presente tamén nesta escola: establecéronse obradoiros de costura e bordado nos que as alumnas confeccionaban os uniformes para todo o alumnado, mentres que os nenos elaboraban calzado para o alumnado necesitado (Véxase Peña, 1984, p. 410).

na que alumnos e alumnas recibían clase nunha espaciosa aula -aproximadamente 100 metros cadrados- separados unicamente por un pasillo.

De Gabriel (1988, p. 219) pon de manifesto que na Galicia do XIX a principal razón argüída para o rexeitamento da escolarización mixta era de tipo moral: podían presentarse consecuencias non desexadas toda vez que o alumnado galego adoitaba incorporarse á escola a idades relativamente avanzadas. Este rexeitamento incrementábase cando as escolas ademais de mixtas eran nocturnas. Este mesmo autor destaca que a Inspección Educativa puxo un especial énfase en controla-la separación de sexos nas escolas galegas.

Nun extremo oposto ubicáronse, durante os anos inaugurais do século XX, as posicións radicalmente promotoras da escolarización conxunta dos sexos, entre os que salientan os xurdidos no seo do movemento anarquista e da súa proxección no eido pedagóxico. Nesta liña en Galicia acadou certa significación e protagonismo a activación de iniciativas pedagóxicas seguidoras dos postulados da *Escola Moderna* de Ferrer. Centros baseados nos postulados ferreristas apareceron circunstancialmente en Galicia importados dende outras rexións do Estado. De tódolos xeitos a súa incidencia real sobre o avance hacia a escola mixta foi relativamente cativa, limitada por un periplo especialmente conflictivo ante as enormes presións dos sectores caciquís, clericais e conservadores locais e ante a existencia dun proceso de satanización estereotipada dos seus creadores¹⁸.

Cabe sinalar como exemplo sobranceiro da incidencia da escola mixta de raigame anarquista en Galicia a denominada *Escola Laica Neutral* creada na cidade de Ourense en 1909 e que funcionaría ata 1936¹⁹. Nesta escola aplicouse a unha media aproximada de 100 alumnos e alumnas anuais de ensino primario o ideario pedagóxico de Ferrer no que se postulaba e exercía como principio básico a educación mixta de ámbolos sexos. De todolos xeitos, e a pesar da súa raigame nominalmente rupturista, esta experiencia adoeceu de eivas severas como unha escasa innovación metodolóxica e a frecuencia de lacras habituais na institución escolar coetánea (memorismo, castigos...) (Véxase Cid, 1993, p. 62).

O cambio de século coincide en calquera caso cun perceptible afianzamento da mentalidade no que atinxe á xustificación e á conveniencia da práctica escolar mixta nas escolas galegas. Tal situación deberase de xeito especial á irrupción no ámbito galego dalgunhas figuras prestixiadas que defenderán a validez de tal formato o que redundará nunha maior aceptación social e na merma no potencial dalgunhas reticencias ó respecto da escola mixta.

Polo primeiro tercio do século XX cabe sinala-la figura de Xoán Vicente Viqueira, a cabela entre as influencias institucionistas e nacionalistas, que se amosa partidario da educación mixta nas escolas galega (Véxase Costa Rico, 1996, p. 97). Viqueira tiña herdado este principio dos postulados pedagóxicos defendidos pola ILE, da que tamén tomou outras directri-

¹⁸ Estas tensións aparecen reproducidas a miúdo en moitas obras da literatura galega realista ou filorrealista que ten como referencia os primeiros anos do século XX. A modo de exemplo baste con citar, entre as obras máis coñecidas, a novela *Xente ó lonxe* de Eduardo Blanco Amor (1973).

¹⁹ A súa fundación (18-2-1909) foi anterior ó fusilamento de Ferrer. Estaba dirixida por un zamorano e unha catalana: Hipólito Sinforiano Luengo e Teresa Roqueta. A súa financiación corría a cargo dunha Sociedade Protectora da que formaban parte a "Unión Orensana de Cuba" e outras entidades de emigrantes ou de ámbito provincial así como unha boa cantidade de persoas asociadas a título individual.

ces do seu credo pedagóxico (activismo, supresión dos libros de texto, excursións, laboratorios, papel do profesorado...).

En relación co cambio progresivo de mentalidade hacia a normalización da escola mixta e a equiparación curricular na Galicia do primeiro tercio do século foi fundamental o valor modélico de determinadas personalidades con incidencia significada e ampla capacidade de proxección social que constituíron referentes prestixiados na promoción desta loita no ámbito galego. Por riba de tódalas figuras con proxección no momento cabe salienta, por mor do seu constante e marcado activismo, a figura xa reseñada de María Barbeito, que nas *Escolas Da Guarda* promoveu a práctica da coeducación formal (Costa Rico, 1989, p. 151)²⁰.

No remate do primeiro tercio do século XX prodúcense claros avances prácticos na implantación xeralizada do formato escolar de tipo mixto que terán o seu cumio nos anos da II República (1931-1936). Entre as primeiras medidas tomadas polo réxime republicano para a reorientación educativa do ensino primario figurou a dunha substancial renovación no plan de estudos do Maxisterio. Así durante o curso 1931/32 iniciouse un novo plan de estudos para o futuro profesorado de ensino primario que viña a substituír ó de 1914, e no que aparecía xunto a determinadas innovacións -exame de ingreso, esixencia do título de Bacharelato Superior para o ingreso, creación dunha sección de Pedagogía, prácticas escolares durante un curso académico, etc.- unha novidade que habería de suscitar grandes críticas entre os sectores conservadores, por outro lado omnipresentes na sociedade galega: a presenza de mozos e mozas nas mesmas aulas nas que se impartiría formación do futuro profesorado. A medio prazo esta medida habería de redundar na debilitación gradual das retencencias con respecto á escola mixta dunha parte do profesorado e na implantación normalizada -dende dentro do sistema e polo tanto con maior efectividade- da coeducación meramente formal. De tódolos xeitos a medida topou cun aluvión de críticas negativas orixinadas nos sectores católicos máis integristas -en Galicia especialmente activos- que non puideron impedir que a nivel estatal as opinións ó respecto foran positivas, alomenos nalgunhas das principais revistas e publicacións de tipo profesional²¹.

Ó longo do periodo republicano tamén acadarían relevancia algunhas loitas pola escola mixta plantexadas dende o movemento corporativo do profesorado galego. Nesta dirección foron significadas, por exemplo, as críticas que a *Asociación de Trabajadores de la Enseñanza de Orense* (ATEO)²² realizou, a través do seu órgano de expresión -a publicación *Escuela del Trabajo*- sobre a insuficiente promoción de escolas mixtas na provincia ourensá. Este colectivo baseou a miúdo os seus argumentos sobre a necesidade dunha racionalización de recursos toda vez que a proliferación de centros segregados implicaba “crear nas vilas moitas escolas

²⁰ Outras figuras menores son aquelas persoas cinguidas ó mundo educativo galego -xeralmente membros da Inspección Educativa- que realizan visitas de estudo ó estranxeiro e alí coñecen prácticas concretas de escolarización mixta dos sexos -Costa Rico (1996) refírese ós casos de Luísa Bécares Mas (Francia e Bélxica) e de Marcelino Pedreira (Zúrich)- ou que publican algunha obra na que a escolarización mixta configura un dos parámetros básicos para unha reforma da educación (por exemplo Eduardo Vicenti).

²¹ Entre elas a *Revista de Pedagogía* e a *Revista de Escuelas Normales*.

²² Esta asociación nacera en Ourense no remate dos anos vinte articulada inicialmente en base á experiencia aglutinante de dúas persoas -Hipólito Sinforiano Luengo (director da *Escuela Laica Neutral*) e Manuel Sueiro- contando coa participación moi activa do profesorado xurdido das oposicións de 1928. A súa evolución ubicaríase sempre dentro do pluralismo pedagóxico aínda que con evidentes influencias da ILE e da tradición republicana e socialista, así como unha grande preocupación pola dignificación dos homes e mulleres ensinantes.

unitarias de nenos ou de nenas, en vez de grupos escolares para ámbolos dous sexos” (Cid, 1989a, p. 63) o que conlevaba dilapidar considerablemente os recursos dispoñibles.

A prensa galega xogou tamén durante o período republicano un papel significado en relación cos posicionamentos sobre a implantación da escola mixta e a equiparación curricular entre ámbolos sexos. Algúns xornais foron especialmente combativos ó respecto sobre todo dende a defensa de posturas reaccionarias radicalmente enfrontadas a calquera práctica coeducativa nos centros escolares. Entre estes últimos xornais é paradigmático e ilustrativo o comportamento do xornal ourensán *La Región*, promotor na provincia de Ourense dunha insistente campaña en contra da escola mixta. Dende as páxinas deste xornal recurriuse incluso con frecuencia a argumentos pseudocientíficos para rexeita-la escolarización conxunta de ámbolos sexos²³. Neste mesmo xornal apareceron entre 1931 e 1936 diversos artigos nos que se instrumentalizaba politicamente a cuestión da escola mixta á vez que se atacaba furibundamente á mesma. Nesta liña resulta exemplarizante a serie de artigos da autoría de Herrera Oria, nun dos cales -10 de decembro de 1933- afirmábase:

Madres, contra la coeducación que es desechada por los países más cultos, que es un atropello jurídico, una oleada contra el pudor, la seguridad de una niñez sin inocencia, la promesa de una juventud corrompida. Porque abran nuevamente los institutos femeninos. Por la separación de los sexos en todos los grados de la enseñanza. Votad las derechas.

Loxicamente cómpre diferenciar ó longo do período republicano entre as fases de goberno progresista -intres nos que nacen actuacións claras con respecto á implantación nos centros escolares dunha coeducación física de sexos- e aquela na que o goberno é exercido dende posicionamentos conservadores (*Bienio Negro*), que corresponden con momentos de xeral desactivación das reformas xa promovidas ou de freado das medidas en vías de implantación. Deste xeito durante o bienio de goberno da dereita -entre 1934 e 1936- produciuse unha forte presión -moi notoria en Galicia- sobre os axentes responsables da planificación educativa coa pretensión de obter dos mesmos a prohibición da educación mixta nos centros escolares (como de feito remataría por face-lo ministro Villalobos). Incluso se produciron, a nivel provincial, campañas específicas de prensa orientadas á desactivación da escola mixta e da homoxenización curricular entre os sexos. Do mesmo xeito durante as dúas fases de goberno das esquerdas atacouse constantemente, dende certos movementos corporativos conservadores galegos, ás seccións técnicas do Ministerio, á ILE, ós movementos pedagóxicos renovadores e incluso a determinados sistemas educativos estranxeiros promotores da escolarización conxunta de sexos. A escola mixta era conceptualizada dende estes posicionamentos como un atentado ó pudor e como unha fonte de inmoralidade (Cid, 1994, pp. 110-111). Chegouse mesmo a pedir, por estas razóns, a supresión nas Escolas Normais nunhas follas publicadas e repartidas polo “Comité Femenino de Acción Ciudadana Gallega”²⁴.

²³ Por exemplo o xornal publicaba en 1932 un artigo titulado “Contra la coeducación”, (*La Región*, 6-5-1932) no que se publicaban as opinións do director dunha institución educativa suíza. Este aducía que a escolarización mixta producía influencias perniciosas sobre as rapazas adolescentes polo que a coeducación formal dos sexos nunca debería ir máis alá da fronteira dos 12 anos.

²⁴ A *Escuela Normal Central* -masculina- tiña sido creada en Madrid no ano 1839. A *Escuela Normal Central de Maestras* non foi creada ata o ano 1858. Posteriormente o modelo difundíriase pola maioría das provincias

Durante a contenda civil, ó quedar Galicia inmediatamente sometida ó exército sublevado, a regresión en relación cos avances obtidos previamente na práctica da escolarización mixta foi total. Do mesmo xeito unha vez rematada a Guerra Civil a situación en Galicia con respecto á educación mixta é totalmente asimilable ó existente no resto do Estado Español: impónse unha prohibición radical ó respecto e a ordenación educativa diferencia o currículo escolar imposto para cada un dos sexos.

Sen embargo, curiosamente, algunhas chamativas experiencias -desenvolvidas no ensino privado e en todo caso cun carácter puntual e escasamente publicitado- teñen lugar no contexto galego da posguerra con respecto á escolarización mixta. Estas experiencias de coeducación formal de sexos -inusuais por outra parte- foron permitidas pola Administración dende postulados de excepcionalidade, de innovación experimentalista e sobre todo dende a confianza que inspiraba ó réxime franquista a persoa ou a entidade promotora das mesmas. Un exemplo é o constituído pola escolarización mixta de sexos desenvolvida no Colexio Fingoy de Lugo ó longo dos anos cincuenta²⁵ (Véxase ó respecto Fenán e Pillado, 1986, p. 120).

Por fin coa entrada en vigor da Ley General de Educación de 1970 a situación en Galicia homológase á que progresivamente se apropia da totalidade do Estado Español: normalización dun formato escolar presencialmente mixto e curricularmente uniforme na súa dimensión explícita (non así, por suposto, no que atinxe ós aspectos conformadores do currículo oculto, ámbito no que continúa a existir unha persistente discriminación en base ó xénero).

Algunhas conclusións

Galicia foi en xeral, no que atinxe á evolución histórica hacia a equiparación de oportunidades entre os sexos no ámbito educativo, deudora da situación global española. Algúns particularismos caracterizadores de certas especificidades no eido que nos ocupa veñen determinados polas pautas estruturais da configuración social e económica galega. Nesta liña cómpre salienta-la súa marcada ruralización, o baixo nivel de renda, as elevadas taxas de analfabetismo, a enorme privación cultural e a existencia dun persistente fluxo migratorio como elementos determinantes da realidade educativa no País, incluíndo na mesma os aspectos da relación entre xénero e educación tales como as condicións de acceso feminino á educación formalizada ou a aplicación de formatos de escolarización conxunta de ámbolos sexos.

españolas pero as normais femininas serían sempre consideradas como "sucursais" -na duración dos estudos, na interinidade continua do profesorado, etc.- con respecto ás normais masculinas. Ó longo das dúas primeiras décadas do século XX unificouse a titulación de ámbalas normais pero mantendo centros separados (masculino e feminino). A República remataría brevemente con esta situación instaurando un único centro no que se impartían os estudos de maxisterio en réxime de escola mixta.

²⁵ O colexio Fingoy fora fundado por Antonio Fernández con pretensións elitistas e cunha compoñente marcadamente experimental en relación á época na que se puxo en funcionamento. O responsable da dirección do centro ata 1965, e dinamizador das innovacións educativas nel desenvolvidas -entre as que se conta a educación mixta de sexos- foi Ricardo Carballo Calero.

Historicamente a situación en Galicia caracterizouse durante os dous últimos séculos pola fortísima influencia dos postulados ideolóxicos, a miúdo ultraconservadores, sostidos polo clero, sector este con profunda prevalencia social no contexto da sociedade galega.

Por outro lado boa parte do debate sobre a incorporación da muller galega ó sistema educativo dirimiuse na prensa e nas páxinas de diferentes xornais caracterizados por unha clara orientación ideolóxica. Frecuentemente tal orientación resultou subalterna do pensamento institucional eclesiástico e dos posicionamentos conservadores.

Outros factores a tomar en consideración en relación a este eido no caso galego durante boa parte dos séculos XIX e XX son as esixencias xurdidas da necesidade de formar minimamente a un grande continxente poboacional -integrado especialmente por varóns- destinado á emigración, a proxección no ensino da progresiva vertebración de certa conciencia política de tipo nacionalista e a particular incidencia dalgunhas figuras singulares (Vinyals, Barbeito, Viqueira...).

No que atinxe ó avance hacia a coeducación formal -en realidade referímonos unicamente á escolarización mixta de sexos- produciuse historicamente en Galicia un progreso subalterno en relación a diversas iniciativas xurdidas noutras localizacións do Estado Español (Cataluña, Madrid...). A causa última desta situación garda profunda relación coas particularidades sociais e económicas que caracterizaron ó País galego a partir dos anos centrais do século XIX.

O debate sobre a pertinencia da escola mixta en Galicia foi dinamizado e promovido especialmente dende a acción de determinadas figuras específicas situadas no territorio ideolóxico do progresismo e posuidoras de notable relevancia no contexto pedagóxico.

Por outra banda cabe poñer de manifesto a existencia dunha intersección funcional entre posicionamentos nacionalistas -emerxentes no marco galego en diversos intreos históricos ó longo dos últimos douscentos anos- e a defensa das iniciativas destinadas a normaliza-lo formato escolar de tipo mixto nas escolas galegas. En xeral os sectores nacionalistas ideoloxicamente máis progresistas apoiaron a implantación de unidades escolares mixtas mentres que os postulados máis conservadores dese nacionalismo apoiaron neste debate as posicións da Igrexa española e dos sectores de pensamento máis integrista.

No momento presente a situación da educación galega é, dende a perspectiva do xénero, perfectamente homologable á da totalidade do Estado. O reto inmediato e urxente que cabe agora plantexar é o de avanzar hacia a consecución dunha coeducación real que permita supera-la mera aparencia de escola mixta para adentrarse na consecución dunha igualdade real de oportunidades entre os dous sexos e no desenvolvemento do propio feito diferencial que os xéneros configuran.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ALVAREDO SERRANO, N: "A polémica sobre a educaçom da mulher na imprensa galega (1850-1900)" En MARCO, A. (Coord.): *Muller e Cultura*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago, 1993, pp. 69-86.
- BARREIRO FERNÁNDEZ, X. R.: *Galicia. Historia contemporánea*. Ensino e cultura (Tomo VI), A Coruña, Hércules, 1991a.
- BARREIRO FERNANDEZ, X. R.: *A Galicia do Antigo Réxime*. Ensino, ilustración e política (Tomo IV), A Coruña, Hércules, 1991b.
- BARREIRO RODRÍGUEZ, H.: "Tres mujeres normalistas. Testimonio e interpretación de una experiencia en la Escuela Normal de Pontevedra (1954-1957)" en AA.VV.: *Actas del VI Coloquio de la Historia de la Educación: Mujer y educación en España, 1868-1975*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago, 1990, pp. 36-41.
- BARRIO, R. e SANTOS, N.: "Controversias sobre a muller galega: trazos patriarcais do pensamento galeguista" en AA.VV.: *A muller na agricultura*, Sada, O Castro, 1988, pp. 201-213.
- BLANCO, C.: *El contradiscurso de las mujeres*, Vigo, Nigra, 1997.
- BORRÁS, J. M.: "Condición dos nenos labregos en Galicia. O informe de Rodríguez Mourelo á Comisión de Reformas Sociais (1884): discurso e realidades", *Grial*, 144 (outubro-décembro, 1999), pp. 579-591.
- CID, X. M.: "Laicismo escolar na Galicia sur despois da morte de Ferrer" en AULA CASTELAO DE FILOSOFÍA (Comp.): *Materiais de traballo da X Semana Galega de Filosofía: Filosofía e Relixión*, Pontevedra, R. Paz, 1993, pp. 60-63.
- CID, X. M.: *Escola, democracia e república. Teorías e institucións educativas en Ourense durante a IIª República*, Ourense, Universidade de Vigo, 1994.
- COSTA RICO, A.: *Escolas e mestres*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 1989.
- COSTA RICO, A.: *A reforma da educación 1906-1936*, A Coruña, Ed. do Castro, 1996.
- DE GABRIEL, N.: "El acceso de la mujer gallega a la cultura escrita en el siglo XIX", *Bordón*, 253 (maio-xuño 1984), pp. 437-448.
- DE GABRIEL, N.: "Maestras, escuelas mixtas y moralidad en la Galicia del siglo XX", *Revista de Educación*, 285 (xaneiro-abril, 1988), pp. 217-229.
- FERNÁN, M. A. e PILLADO, F.: *Conversas en Compostela con Carballo Calero*, Barcelona, Sotelo Blanco, 1986.
- MARCO, A. (Coord.): "A polémica feminista na Galiza. María Vinyals e María Barbeito", *Muller e Cultura*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago, 1993, pp. 87-101.
- NASH, M.: "Replanteando la historia: mujeres y género en la historia contemporánea" en BERNIS, C.; DEMONTE, V.; GARRIDO, E.; CALVET, T. e DE LA TORRE, I. (Ed.): *Actas de las VIII Jornadas de Investigación Interdisciplinaria. Los estudios sobre la mujer: de la investigación a la docencia*, Madrid, Universidad Autónoma, 1991, pp. 599-621.
- PEÑA, V.: "Tres aspectos del proyecto escolar de los emigrantes gallegos: instalaciones, equipamiento y personal docente", *Bordón*, 253 (maio-xuño, 1984), pp. 405-420.

- PORTO, A. S.: *La Institución Libre de Enseñanza en Galicia*, Sada-A Coruña, Ed. do Castro, 1986.
- PORTO, A. S.: *A Escola Normal de Pontevedra (1845-1940)*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago, 1994.
- SUÁREZ PAZOS, M.: "Imagen socio-educativa de la mujer gallega en el Sexenio Revolucionario (1868-1874)" en AA.VV.: *Actas del VI Coloquio de la Historia de la Educación: Mujer y educación en España, 1868-1975*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago, 1990, pp. 308-317.
- VALÍN, A. J.: "El laicismo, la enseñanza y la mujer en la historia de Galicia. Apuntes varios para un estudio" en AA.VV.: *Actas del VI Coloquio de la Historia de la Educación: Mujer y educación en España, 1868-1975*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago, 1990, pp. 338-347.